

MANIFESTO DO CINEMA POBRE

Humberto Solás

ACLAREMOS OS MALENTENDIDOS

Cinema pobre non quere dicir carente de ideas ou de calidade artística, senón que se refire a un cinema de restrinxida economía que se executa nos países de menos desenvolvemento ou periféricos e tamén no seo das sociedades rectoras a nivel económico cultural, ben dentro de programas de produción oficiais, ben a través do cinema independente ou alternativo.

1- O intento de globalización acentúa o abismo entre o cinema pobre e un cinema rico. Isto leva canda si, definitivamente, o perigo da implantación dun modelo único de pensamento, sacrificando ao seu paso a diversidade e a lexitimidade do resto das identidades nacionais e culturais.

2- Hoxe en día, é a revolución tecnolóxica no cinema a portadora de eficaces medios de resistencia a este proxecto despersonalizador, ao se consolidar progresivamente novas posibilidades técnicas, que coma no caso do vídeo dixital e da súa ulterior ampliación a 35 mm reducen notabelmente os procesos económicos da produción cinematográfica.

3 – Iso repercute nunha gradual democratización da profesión, ao desequilibrar o carácter elitista que caracterizou a esta arte vencellada inexorablemente á industria.

4 – Aproveitar e estimular esta redución de custes de produción significará nun futuro inmediato a inserción na cinematografía de grupos sociais e de comunidades que nunca antes tiveran acceso ao exercicio da produción do cinema, á vez que dará perdurabilidade ás incipientes cinematografías nacionais.

5 – Iso será o alicerce fundamental para escapar dun sentimento de indefensión ante o vandalismo globalizador e permitirá lexitimar, dunha vez por todas, a polivalencia de estilos, legados e propósitos dunha arte que non será patrimonio dun so país nin dunha soa e impositiva concepción do mundo.

6 – Para que isto aconteza eficazmente, haberá que derrubar o muro do control da distribución cinematográfica por un so grupo de *majors* ou transnacionais, que xera o alleamento do público, ao non ter este acceso ás obras dos seus autores nacionais.

7 – Iso permitiranos loitar contra o espectáculo da violencia gratuíta cinematográfica, que envilece as audiencias e especialmente os espectadores máis novos.

8 – Un gradual desalleamento do público só será fecundo se os diferentes gobernos implantan accións legais que apoiem a produción e a distribución das súas obras cinematográficas autóctonas.

9 – Daquela o cinema sairá, definitivamente, da era da barbarie.